



PRESENTACIÓN SOLICITUDES OFERTA EMPREGO (DA 8ª LEI 20/2021)

APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:
DO 22.09.2024 AO 01.01.2024

Os documentos que se presentan coa solicitude deben ser orixinais (sinatura dixital con código de verificación) ou copia auténtica.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN QUE DEBERÁN ACHEGARSE OBRIGATORIAMENTE COA SOLICITUDE:	
TITULACIÓN esixida na base específica 5.1	Se os documentos non teñen sinatura dixital con código de verificación, deberán acudir ao rexistro para realizar copia auténtica.
DNI	
NIVEL GALEGO esixido na base específica 5.2 Obrigatorio para exención da proba de galego.	
XUSTIFICANTE DO PADO DA TAXA (15 € ou 3,75 € no suposto de estar en situación de desemprego e non percibir prestación de desemprego na modalidade contributiva)	ABOAR A TAXA na TESOURARÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO OU MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA AO NÚMERO DE CONTA ES04-2080-0163-8531-1000-0423 ABANCA, indicando con claridade o procedemento selectivo ao que se presenta e o nome do/a aspirante No suposto de aboar a taxa reducida, terase que presentar Certificación do SEPE que acredite a condición de persoa desempregada e certificación de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.
COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE	Presentar a certificación de discapacidade igual ou superior ao 33%
SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA PROBA DE GALEGO	Deberá acreditarse una discapacidade igual ou superior ao 33% e achegar certificado de medidas de adaptación para realizar a proba expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.



ACREDITACIÓN DE MÉRITOS (Deberán incorporarse á solicitude os documentos que acrediten os méritos relacionados na solicitude (os méritos non relacionados na solicitude de participación non serán tidos en conta polo Tribunal).

<p>EXPERIENCIA (Base Xeral 10.2 A)3.</p>	<p>Informe de vida laboral. Certificación da secretaría da AAPP correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados e, no seu caso, a xornada realizada. A certificación dos servizos prestados na Deputación de Lugo, incorporárase de oficio á solicitude.</p>	
<p>FORMACIÓN (Base Xeral 10.2 B)3.</p>	<p>ACCIÓNS FORMATIVAS RELACIONADAS COAS FUNCÍONS E TAREFAS DA PRAZA/POSTO QUE SE CONVOCA. Realizadas nos 15 ANOS anteriores a data de remate de presentación de solicitudes</p>	<p>Deberanse acreditar mediante documentos orixinais ou copias auténticas. As acreditacións dos cursos relacionados nas fichas formativas dos/as empregados/as da entidade provincial, non será necesario presentalas.</p>

LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN (Base Xeral 5.1):

FORMA:

- Presentarase unha solicitude para cada proceso selectivo no que se desexe participar.
- No suposto de presentarse a máis dun proceso selectivo poderá incorporar a documentación relativa ás acreditacións de méritos nunha única solicitude facendo constar esta circunstancia nas instancias de participación.
- Os requisitos de participación deberán presentarse individualmente en cada solicitude.

LUGAR:

- **PRESENTACIÓN TELEMÁTICA:** a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (Catálogo de Servizos - Recursos Humanos - Oferta de emprego - Modelo MO5).
- **PRESENTACIÓN PRESENCIAL NO REXISTRO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**
- **NOS DEMAIS LUGARES SINALADOS NO ART 16.4 DA LPACAP.**